3

Erasmus +

O novo programa educativo europeo

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2014
2015

3.1 Erasmus+. O novo programa educativo europeo

Os programas educativos europeos finánciansе dende a Comisión Europea por períodos de 6 anos. En decembro de 2013 rematou o Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP) do período 2007–2013.

No período 2014–2020 o novo programa educativo europeo chámase ERASMUS +, a súa estrutura e funcionamento cambian de maneira importante, pasando a ser un programa integrado que inclúe máis accións que ata agora: Educación, Formación, Xuventude e Deporte.

É importante saber que ERASMUS+, inclúe accións destinadas a TODOS os niveis educativos.



Esquema comparativo PAP – ERASMUS +

A ACCIÓN CLAVE 1 (KA1) inclúe todo o relativo á FORMACIÓN do profesorado en Europa, pero así como co PAP cada profesor/a podía individualmente solicitar os cursos que lle interesaran e recibir individualmente financiamento, co novo programa ERASMUS +, será o CENTRO EDUCATIVO o que elabore un "Plan de Desenvolvemento Europeo", no que explicará as necesidades de formación do seu profesorado.

A ACCIÓN CLAVE 2 (KA2) inclúe os proxectos entre centros e institucións -as anteriores asociacións Comenius/Grundtvig/Leonardo- que en Erasmus + pasan a denominarse Asociacións Estratéxicas.

A ACCIÓN CLAVE 3 (KA3) Ten como obxectivo o apoio ás reformas das políticas educativas. Fomenta a cooperación entre organizacións internacionais e países socios. Está dirixida fundamentalmente a Ministerios, CCAA e outros organismos responsables das políticas educativas europeas.

ACCIÓN PARA O DEPORTE

Como gran novidade do programa Erasmus +, esta Acción promove a dimensión europea no deporte co obxectivo de responder aos grandes retos cos que afronta este sector na actualidade.

Máis información en

http://www.oapee.es/dctm/weboapee/erasmus/erasmus-sports-collage.pdf?documentId=0901e72b8193817b

PASOS PREVIOS PARA PARTICIPACIÓN DOS CENTROS EN ERASMUS +

É relevante destacar a importancia dos equipos directivos dos centros para o desenvolvemento dos programas europeos.

Como paso previo á solicitude de calquera programa educativo europeo os centros deberán dispor dun código específico — o *código PIC* — para poder participar nas accións de Erasmus +. Consúltese en http://www.edu.xunta.es/web/programaseuropeos

A continuación cada unha das solicitudes de participación deberá realizarse a través dunha plataforma online que non precisa remisión en papel.

XESTIÓN DOS PROGRAMAS EDUCATIVOS

O programa Erasmus+ é xestionado pola EACEA (Educational, Audiovisual & Culture Executive Agency) da UE. http://eacea.ec.europa.eu/index_en.php

As principais accións do programa Erasmus+, relevantes para os centros educativos, son xestionadas en España polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE). http://www.oapee.es/oapee/inicio.html

Dentro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pode obter información sobre programas europeos en:

http://www.edu.xunta.es/web/programaseuropeos

http://www.edu.xunta.es/fp/programas-europeos

PRAZOS DE SOLICITUDE

Os prazos das distintas accións os establece a Unión Europea a través dunha convocatoria para cada curso escolar. A participación nas distintas accións solicítase sempre durante o curso anterior. Os prazos para realizar actividades de programas educativos europeos no vindeiro curso 2014–2015 xa remataron.

Para participar en proxectos europeos durante o curso 2015–2016 publicarase a orde europea durante o primeiro trimestre do curso 2014–2015 para realizar a solicitude nos prazos que estableza a orde.

CERTIFICACIÓN PAP

A Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria certifica con créditos formativos ao profesorado que participa dende o centro educativo no Programa Europeo PAP.

Pode obter toda información sobre o procedemento en: http://www.edu.xunta.es/web/programaseuropeos

A certificación dentro do novo programa Erasmus + establecerase nas correspondentes normativas.